



¿...FESTA...!

pór en práctica os primeiros pasos de ballet, mentres os pais e avós aplauden cun sorriso de orella a orella, e os invitados buscan unha ventá pola que fuxir.

Un panorama que mola.

Os agasallos, vaia dilema! e para isto, rompémonos a cachola quince días antes ou máis, para deducir que cousa pode cumprir os tres BBB! Bo, bonito e barato. Así é que, o día anterior ao festín poida rematar sendo un dos peores do ano, e se é nos últimos minutos do peche das tendas, moito mellor. Os centros comerciais xa poden afirmar sen tapuxos que foron eles os inventores do Nadal. Ai! Que sería de nós,

sociedade de consumo, sen eses excelentes decorados... música de fondo, panxoliñas, árbores, bólas, velas, portais, postais, luces... etc, etc?

¡O Nadal pode chegar a ser moi "guai", por suposto! vacacións, movemento, familiaridade, agasallos...pero tamén moi triste. Unha falsa bandexa onde nos ofrecen todo tipo de ledicias, na que a maioría de nós caemos. Pero de verdade respiramos todos esa felicidade? Aparentemente todo é paz e harmonía, pero detrás de miles de persoas hai desgrazas que nin o Nadal nin ningunha outra época poden facelas esquecer. Nadal solitario, de fame, dor,

guerras...Amósannolo como algo que realmente non é; pasamos, finximos e seguimos para adiante.

Somos realmente nós? Claro que se non é así, a ver como se ía celebrar esa noite, esa febre de Nadal. Un pode encerrarse a escuras e con tapóns nos oídos, e deixar pasar o tempo, pero entón pasaría a ser a excepción da humanidade...en moitos países o Nadal pasa desapercibido, non existe! pero aquí somos millóns de persoas somerxidas nesa tolemia, e nin un meteorito sería capaz de destruíla. ¡Festa!

Lorena

SEN PASADO NIN FUTURO

250 Millóns. Podería ser o soldo dun actor de éxito, podería ser o premio dunha lotería, podería ser o número de vendas dun disco. Pero non é así. Trátase da cifra de nenos que en todo o mundo non saben o que é vivir nin soñar. 250 millóns de infernos sen infancia. Os máis afortunados ingresarán no mundo adulto sen máis opcións que seguir traballando, explotando o resto da súa vida. Aos que a sorte non os acompaña, verán como a súa saúde se vai minando ata que un día se apague sen ter un só recordo agradable gardado para o último instante. Non tiveron tempo, o 80% deles traballaron de 16 horas en diante diarias sen un só día libre.

En moitos países latinoamericanos, familias enteiras constrúen manualmente ladrillos. Unhas pequenas cubertas


de coiro nos dedos non son suficiente protección para evitar algunha pequena man quebrada que nunca poderá alcanzar unha vida mellor.

As minas é outro dos traballos (ideais). A súa estrutura permítelles entrar na escura boca do dragón que arranca os seus pulmóns e devora os seus ollos.

Os mercados, pódense definir coma unha cidade maldita de nenos aprisionados por fardos dúas veces máis grandes ca eles ou carros cargados de pesados soños esnaquizados.

As fábricas tamén os engolen. ¿Por que tomar medidas de seguridade? ¡que ton-tos son cando os produtos químicos encharcan os seus pulmóns ou arrancan a súa pel!

¿Non esperarán que encima de deixalos traballar e cambiar a súa fame por mise-



ria lles deamos algunha protección?.

¡Iso non sería produtivo!. Berra unha voz anónima. Eses son os afortunados. O resto deixa os pés na rúa pedindo esmola ou camiñando polo lado salvaxe das drogas, a prostitución e a criminalidade.

Nalgúns países moitos pequenos que non saben ler xa aprenderon a disparar contra outros nenos que por algunha razón son os seus inimigos.

Rober, Rocio, Marga 1º BAC C